

Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte

PREGUNTA

O Concello de Sanxenxo debe máis de un millón de euros a empresa Espina e Delfín polo servizo que presta a depuradora ubicada en Dena. A deuda vense acumulando dende a súa posta en funcionamento da depuradora de Augas Residuais. A Sanxenxo correspóndelle o 52 % dos gastos motivados pola EDAR.

Durante anos o Concello de Meaño, Augas de Galicia i Espina Delfín mantuveron un litigio sobre a quen lle correspondía a explotación da planta.


A principios do mes de Outubro o xuzgado doulle a razón o Concello de Meaño, fronte ó Organismo da Xunta de Galicia ao respecto da explotación da planta. A sentenza fai mención de que non compete a administración municipal polo que debe ser a administración autonómica quen asuma esa competencia.

Nos últimos informes realizados polo servizo de INTERVENCIÓN do Concello de Sanxenxo relativos a Conta Xeral poñía de manifesto que debíase solventar a forma de xestión da EDAR de Dena-Meaño na que participa o Concello en máis dun 50 %.

¿ Pode decirnos en qué situación queda o Concello de Sanxenxo coa deuda de Espina Delfin pola explotación da Edar de Meaño a raíz da sentenza xudicial anteriormente referida?

¿Pode decirnos qué tipos de xestións fixo ante as diferentes administración para solventar a situación na que se atopa o Concello de Sanxenxo a raíz da sentenza judicial?

En Sanxenxo, a 4 de Novembro de 2011


GRUPO MUNICIPAL
Asda Dulcinea Aguín Pombo

Voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO EXCMO CONCELLO DE SANXENXO